

MARTES, 7 DE AGOSTO

CIRCO GALAICO DE MONICREQUES

PRAZA DO CONVENTO 20:30H

Circo Galaico é un espectáculo de variedades conducido por un presentador que será o mestre de cerimonia de clásicos e insólitos números de circo. Un circo único onde a maxia e o fantástico se mestura co autóctono, onde os acróbatas e malabaristas serán animais da fauna galega como o xabará, o lobo ou a pita do monte. Música en directo con instrumentación tradicional galega.



MÉRCORES, 8 DE AGOSTO

GHOP, GRUPO TEATRO Ó CUBO

PRAZA DO CONVENTO 20:30H

Ghop! É un espectáculo de rúa para todos os públicos. Ghop! imprime con enerxía un espectáculo coa estética clásica dos circos ambulantes que no pasado percorrían as prazas das vilas e aldeas. Os tres protagonistas, vestidos e caracterizados para a ocasión, preparan con malabares, monicreques, acrobacias e pinceladas de maxia o show de variedades que esta compañía itinerante ofrece a un público desexoso de divertirse e participar.



XOVES, 9 DE AGOSTO

A CASA DOS XOGOS, a partir de 4 anos

PRAZA DO CONVENTO DE 19:00 H A 22:00 H

A casa dos xogos é unha ludoteca itinerante chea de vida, diversión e aprendizaxe creada coa fin de dar a coñecer os xogos de taboleiro, billares tradicionais e xogos pedagóxicos novos cuxas orixes se sitúan en distintos países, culturas e épocas; xogos tradicionais chegados dos cinco continentes, así como unha presentación de xogos de creación propia dos construtores e impulsores do proxecto, Cedric Bouchard e Xurxo Guzmán.



VENRES, 10 DE AGOSTO

TANXUGUEIRAS E BANDA

PRAZA DO CONVENTO 22:00H

Tanxugueiras está formado por Sabela Maneiro, Aida Tarrío e Olaia Maneiro, tres cantareiras extravagantes e con orixinais voces procedentes de Teo e do Barbanza. No seu último traballo tratan de ofrecer unha evolución da música tradicional con conexións con outros rexistros, como pode ser o pop, o jazz ou o blues.



13, 14 E 15 DE AGOSTO

MERCADO MEDIEVAL

DE 11:00 H A 15:00 H E DE 17:00 H A 23:00 H

A zona antiga de Melide viaxa no tempo e regresa ao Medioevo. Encherá as súas rúas de estandartes de cores, postos de artesanado, gastronomía e xoguetes. Animación medieval, espectáculos de lume nocturnos, cetrería e atraccións infantís dinamizarán o mercado. Ademais nos locais hostaleiros poderanse degustar tapas típicas do Medioevo.

MÉRCORES, 15 DE AGOSTO

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

PRAZA DO CONVENTO 22:00 H

Sons do Atlántico é unha proposta cun programa moi amplo e variable. Música de cámara e contemporánea creada por compositores de todos os países que teñen ou tiveron influxo do noso océano ao longo da historia, facendo un especial fincapé en autores iberoamericanos e tendo sempre en conta aos/as compositores galegos/as.

No caso de choiva: As actuacións serán na casa da cultura agás as dos días 1, 2 e 9 de agosto que serán no Pazo de Congressos



CONCELLO DE MELIDE
Concellaría de cultura e deportes



XUNTA DE GALICIA




Unidade de Normalización Lingüística



Deputación DA CORUÑA

VERÁN CULTURAL 2018



CONCELLO DE MELIDE

21 E 22 XULLO

FURELOS NO 1900, IV MERCADO DE ÉPOCA

FURELOS HORARIO: 11:00 H A 15.00 H E 17.00 H A 22.00 H

A parroquia de Furelos volverá esta fin de semana ao ano 1900. Trátase dunha feira de época na que haberá postos de artesanado e alimentación, música, obradoiros, xogos para nenos así como demostracións de oficios tradicionais.

SÁBADO 21 XULLO

IV FESTIVAL DE HABANERAS NO CAMIÑO

PRAZA DO CONVENTO 20:00 H

Organizado pola Coral Polifónica de Melide, actuarán a Coral Polifónica Padroneses, Coral Polifónica Sporting Club Casino Coruña, Coral Polifónica Ureca de Vigo e Coral Polifónica de Melide.

VENRES 27 XULLO

COLOQUIO EXPOSICIÓN *O CAMIÑO PORTUGUÉS INTERIOR DE SANTIAGO DE COMPOSTELA*

CASA DA CULTURA 16:00 H

Coloquio e apertura de exposición. Intercambio de experiencias Galiza-Portugal sobre os Camiños de Santiago.

DOMINGO, 29 DE XULLO

XOAN CURIEL, *A CASA DO TERROR*

Non recomendado para menores de 6 anos

PRAZA DO CONVENTO 20.30 H

Tras o seu éxito con *Estamos no verán!!!*, Xoán Curiel volve ao FalaRedes acompañado da banda Son+d2.

O seu novo espectáculo, *A casa do terror*, presenta a historia dun grupo de amigos que se ve obrigado a durmir nun edificio encantado. Unha historia terrorificamente divertida que se desenvolve entre cancións, danzas, elementos teatrais ou clown e, sobre todo, moita participación do público asistente.



LUNS, 30 DE XULLO

CINEMA NA RÚA, *Cen anos de perdón*. Ano: 2016

PRAZA DO CONVENTO 22.15 H

Unha mañá chuviosa, seis homes disfrazados e armados asaltan a sede central dun banco en Valencia. O que parecía un roubo limpo e fácil pronto se complica, e nada sairá como estaba planexado. Isto provoca desconfianza e enfrontamento entre os dous líderes da banda, "O Uruguayo" e "O Galego". Mais, que é exactamente o que buscan os atracadores? Reparto: Rodrigo De la Serna, Luis Tosar, Raúl Arévalo, Patricia Vico, José Coronado, Joaquín Furriel, Marian Álvarez, Luciano Cáceres, Luis Callejo, Joaquín Climent.

MÉRCORES, 1 DE AGOSTO

GARABATO DE XOGOS

PRAZA DO CONVENTO DE 18:00 H A 22:00 H



Xogos nos que poden participar xente de todas as idades. Xogos únicos fabricados con materiais reciclados. Xogos de habilidade, construídos para divertirmos ao tempo que nos fan pensar e desenvolver as nosas capacidades (imaxinación, destreza, coordinación, axilidade...).

XOVES, 2 DE AGOSTO

ILUSIÓNS ÓPTICAS - COUSAS IMPOSÍBEIS

PRAZA DO CONVENTO DE 18:00 H A 22:00 H

É unha exposición de carácter lúdico, didáctico e interactivo, que recolle unha selección das mellores e máis efectivas Ilusións Ópticas. O seu formato, coidadosamente elaborado, os seus contidos, dirixidos a todos os públicos, invitan ao espectador/a a ser protagonista.



VENRES, 3 DE AGOSTO

RADIO COS, *PASATEMPO*

PRAZA DO CONVENTO 22:00 H

Os cantantes e percusionistas Xurxo Fernandes e Quique Peón, xunto a unha banda conformada por Pedro Lamas, Nikolay Velikov e Xan Pampín no acordeón conforman Radio Cos. En Pasatempo, o seu último traballo, continúan no empeño de visibilizar as cancións tradicionais de Galicia, repertorio que é froito do seu intenso traballo de investigación de campo, interpretándoas e traéndolas aos nosos días sen renunciar a mesturallas con outras tradicións irmás doutras partes do mundo.

SÁBADO, 4 DE AGOSTO

NINO COSTOYA, *"SEASON"*

PRAZA DO CONVENTO 22:00 H

O músico melidao Nino Costoya ofrecerá un concerto de guitarra acústica instrumental que explora a diferentes artistas da técnica fingerstyle. O espectador poderá desfrutar de harmonías a dúas mans, percusións paralelas e un estilo instrumental vangardista.



Con formación clásica e moderna, Nino Costoya explorou ao longo dos anos diferentes estilos: rock, jazz, flamenco, contemporánea, folk, electrónica, músicas do mundo, etc. Formou parte de distintas agrupacións representativas destas músicas, intentando conxugalas na actualidade aproveitando ao máximo as posibilidades da guitarra moderna.

DOMINGO, 5 DE AGOSTO

AGRUPACIÓN DE MÚSICA E BAILE TRADICIONAL XIMIELA DE LOURO

PRAZA DO CONVENTO 21:00H

O grupo Ximiela, con 29 anos de historia, está formado na actualidade por máis de 70 membros entre o grupo de baile, banda de gaitas e o grupo de pandereiteiras.

Entre os grandes logros da agrupación está a gravación do seu primeiro traballo discográfico no ano 2006 e a publicación do libro *A indumentaria tradicional galega*. O traxe de Muros. Cabe resaltar tamén a súa participación en eventos de recoñecido nome como o Festival de Ortigueira, Festival Intercéltico de Lorient, así como a súa participación en varios desfiles en New York. A agrupación interpretará varias pezas tradicionais de baile e música recollidas en distintas zonas de Galicia.



LUNS, 6 DE AGOSTO

CINEMA NA RÚA, *Blade Runner*. Ano 2017

PRAZA DO CONVENTO 22:15 H

Trinta anos despois da primeira parte, K (Ryan Gosling), descobre un segredo profundamente oculto que podería acabar co caos que impera na sociedade. O descubrimento de K lévao a iniciar a busca de Rick Deckard (Harrison Ford).